

DISCURSO INSTITUCIONAL
DO
ILMO. SR. D. JOSE CUIÑA CRESPO
NA TOMA DE POSESION
COMO PRESIDENTE
DA
EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA

Pontevedra, 14 de agosto de 1987



*Señora e señores Deputados,
Queridos Alcaldes da Provincia de Pontevedra,
Autoridades, excompañeiros,
Amigos todos:*

Tocounos vivir no máis fermoso recanto de Galicia: a provincia de Pontevedra. E os cidadáns destas terras, encomendáronnos o goberno da súa Deputación Provincial, demandando de nós, señora e señores Deputados, accións que encaren os camiños irrenunciabes dun meirande progreso e modernidade para os homes que habitan os montañosos territorios do interior e para os que o fan nas beiras do océano.

Nesta tarefa comprometénnos a confianza dos nosos conveciños, a súa historia e a propia xeografía dunha provincia que se ergue ata o mesmo cume do Candán frecuentemente cravado nas nubes e nas néboas e desce xunto o Atlántico que, ciumento da beleza luminosa das

nosas costas, remata adentrándose na terra firme a traverso da dozura das rías que forman o Miño, o Ulla, o Lérez ou o Verdugo.

Unha provincia que sabe do duro clima da montaña, ou da suavidade do das rías ou o do Salnés, no que na finura dos seus viños parece decatarse a sensibilidade espiritual dos pontevedreses; unha provincia forxada no rexo vivir labrego e gandeiro e na audacia viril do mariñeiro: unhos e outros adeprenderon, e transmitíronnos, o senso da constancia e da ilusión que informa a capacidade de iniciativa propia.

Pero Pontevedra é tamén a suma de sesenta e un municipios, grande parte deles de rancia historia, que aínda saben de privacións, de limitacións económicas, de emigración, de paro, de falla de comunicacións, de electrificacións e de outros servicios.

E a beira deses municipios, non xerárquicamente nin empecendo a súa autonomía, senón horizontalmente, vivirá a Deputación Provincial, que ten por misión se-lo Concello de tódolos Concellos e o esforzo capaz de acudir no auxilio dos esforzos que cada un desplegará a prol dos seus respectivos cidadáns.

Este esforzo da Institución provincial penso que ten que plantexarse procurando e atopando o equilibrio intercomarcal, coma un dos imperativos de modernidade e de progreso a que antes aludín: o cidadán do rural,

habitante do pequeno e mediano municipio de pobre economía, ten o mesmo sagrado dereito a disfrutar de infraestrutura e servicios, que conleven a dignificación da súa existencia, que o cidadán da urbe; e éste e aquél ostentan o irrenunciable dereito á constante mellora das súas condicións de vida.

No camiño da devandita dignificación ocupa primordial lugar o servicio á cultura e ó deporte: ningunha Institución con competencias e consecuentemente, obrigas na materia, pode esquencer que o deporte é parte esencial da formación do tempo libre do home, e que a cultura constitúe a alma colectiva dun pobo, o seu elemento máis definitorio e o mellor dos legados ás vindeiras xeracións.

O compromiso de actuación nos citados eidos que de nós, señora e señores Deputados, demandan os pontevedreses, supón incuestionablemente a rotura de todo afán de autarquía ou de illamento funcional, económico e político. En efecto, as distintas Administracións territoriais (Estatal, Autonómica, Provincial e Municipal) que converxen sobor da nosa xeografía, teñen por derradeiro obxetivo das súas tarefas o progreso dos cidadáns. E esa comunidade de obxetivos, dende un plantexamento racional do exercicio das respectivas competencias, implica o terminante mandato da coordinación de esforzos, forma única, ademais, de rentabilizar socialmente os recursos, sempre limitados.

Os afáns de coordinación de esforzos serán, pois, un dos meirandes principios que guiarán a nosa colectividade, erradicando estériles loitas institucionais do que o derradeiro resultado sería sempre a minoración da eficacia no servizo ós cidadáns. Engadiría que, sen perxuicio esencial da autonomía da Deputación de Pontevedra, que a Constitución consagra, a condición de Nacionalidade Histórica que corresponde a Galicia abócanos a profundizar no concepto unitario do noso país, do que a representación máis outa ostenta o Parlamento e o Goberno Galego.

Señora e señores Deputados, esta Institución é reflexo esencial do pluralismo político da nosa sociedade. A él predico, dende a convicción, o meu máis fondo respecto, o que tanto implica como o pleno respecto ás minorías e a instauración do diálogo como medio que garantiza o acerto nas decisións.

O afán de servir e o talante de respecto e diálogo adeprendinos indeleblemente nunha ancestral escola, de xeografía montañosa e duro clima, servida por nobles e xenerosos mestres: a Comarca do Deza e os seus homes.

Entre eles nacín, e deles intentarei saca-lo mellor das súas almas: humildade, franqueza, cordialidade e imaxinación. ¡Oxalá o tempo e vostedes poidan dicir que o discípulo é digno dos seus mestres! Porque ese bagaxe dos homes e mulleres de Lalín viría a supor a garantía

dun leal entendemento con vostedes e un leal servicio a Pontevedra.

Non quixera rematar sen recoñecer públicamente o meu agradecemento a todos cantos fixeron posible co seu apoio o que acadara a Presidencia. A todos vós, meus amigos, o meu recoñecemento máis fondo e a miña obriga.

Señora e señores Deputados, eu convócolles e convócome nun esforzo común de progreso, modernidade e solidariedade coa provincia de Pontevedra.

Gracias.



